



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **17 de abril de 2026**, adoptou o seguinte acordo:

5.- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E ACTIVIDADES NOS CENTROS DOCENTES DE VIGO. EXPTE. 99603/332.

Visto o informe de fiscalización de data 13/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 01/04/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e pola concelleira da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2026 adoptou os seguintes acordos:

“Primeiro: Aprobar as Bases reguladoras, a Convocatoria e o Extracto da mesma para a concesión de subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de programas educativos e actividades para os centros docentes de Vigo, que se achegan ao expediente.

Segundo: Aprobar o gasto por importe total de 40.000,00 (corenta mil) euros, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0002 “Actividades extraescolares” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2026.”

Incorpórase ao expediente 99603/332 o contido da acta da xuntanza mantida pola Comisión de Seguimento celebrada en data 1 de abril de 2026, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a concesión das Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de programas educativos e actividades nos centros docentes de Vigo.

Faise constar que da información que obra no seu poder despréndese que todos os centros educativos solicitantes cumpren cos requisitos esixidos para acceder a estas subvencións (Base 4C).

A presente proposta remitírase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e coa base 10.3 das que rexen este procedemento.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Conceder ás seguintes entidades solicitantes as Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización de programas educativos e actividades nos centros docentes de Vigo (expte 99603/332), polos importes que se indican:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2026 09:26	Páxina 1 de 3
99603-332	CSV: A8B6AE-E3E5D4-4D478H-ZTUAD8-HP2B4T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Centro educativo solicitante	CIF	Proxecto	Importe concesión
CEIP Virxe do Rocío	S8600039E	II Romaría do Resío	2.000,00 €
CEIP Vicente Risco	S8600060A	Son das Flores	2.000,00 €
IES Carlos Casares	Q8655403G	Vigo e a Ría	2.000,00 €
CEIP Paraixal	S8600050B	De regreso á nosa cidade trala volta ao mundo	2.000,00 €
IES do Castro	S8600082E	Acto graduación alumnado	2.000,00 €
IES Alexandre Bóveda	Q8655516F	Conmemoración 50 aniversario	2.000,00 €
Centro de Estudios Alba SL (CPR Alba)	B36603439	Proxecto Aqua	2.000,00 €
IES Santa Irene	Q8655098E	Homenaxe a Evangelino Taboada: Memoria histórica e viva	847,00 €
CEIP Seis do Nadal	S8600059C	O gran circo do Seis	2.000,00 €
CEIP Ría de Vigo	S8600008J	Aula aberta Xela Arias	2.000,00 €
IES Castelao	Q8655247H	De Circe a Morgana: homenaxe a Begoña Caamaño	2.000,00 €
Asociación Fontenova (CCFP Aloya)	G36838514	Acto entrega de títulos a alumnos de ciclos formativos	2.000,00 €
CEIP Carballal	S8600046J	Actividades extraescolares: Horto e saídas	2.000,00 €
CEE Saladino Cortizo	Q8650013I	Actividades de fin de curso	1.906,92 €
CEIP Frián	S8600032J	Reforestando os nosos bosques	2.000,00 €
Fomento de Centros de Enseñanza SA (CPR Las Acacias)	A28126597	Festival de Nadal / Banco de Alimentos / Voluntariados	2.000,00 €
Colegio Labor SL (CPR Labor)	B36824431	Festival audiovisual y teatral de la 2ª Semana Europea	2.000,00 €
CEIP Valle Inclán	S8600021C	Saídas e actos no centro	2.000,00 €

Segundo.- Dispoñer a publicación da relación de subvencións concedidas na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e no portal de transparencia, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP. Así mesmo, remitiranse as subvencións concedidas á Base de Datos Nacional de Subvencións, con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Terceiro.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPACAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2026 09:26	Páxina 2 de 3
99603-332	CSV: A8B6AE-E3E5D4-4D478H-ZTUAD8-HP2B4T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2026 09:26	Páxina 3 de 3
99603-332	CSV: A8B6AE-E3E5D4-4D478H-ZTUAD8-HP2B4T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		